

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 28 de xuño de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e oito de xuño do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela.

Non asiste a deputada *María Pilar Ramallo Vázquez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33972.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de xuño de 2024.

2.33973.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DAS GRADAS E ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DAS CORTICEIRAS” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte. 2024019281)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.



O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Caldas de Reis o importe que lle corresponde é de 68.063,15 euros.

En data 20/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018515), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Caldas de Reis, emendada nas datas 12/04/2024 e 19/06/2024 (núms. rexistros WEB2024024599, WEB2024024651 e WEB2024040941), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 68.056,80 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora das gradas e iluminación no campo de fútbol das Corticeiras”, cun orzamento polo mesmo importe.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 21/03/2024 (CSV: 9YE1EP394V07R1RX).

Así mesmo, o 19/06/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: FRRPPH13Y5Z7PMWZ) e o 24/06/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: WD2GAE8MXT9Y9JYF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.



- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Caldas de Reis relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado “Mellora das gradas e iluminación no campo de fútbol das Corticeiras” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 68.056,80 euros.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF P3600500G, a cantidade de 68.056,80 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora das gradas e iluminación no campo de fútbol das Corticeiras” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



3.33974.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA PAVIMENTO DEPORTIVO, CERRAMIENTOS E ILUMINACIÓN EN LAS PISTAS DE TENIS MUNICIPALES” (Expte.2024020386)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019756, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de A Cañiza* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 96.597,08 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma pavimento deportivo, cerramentos e iluminación en las pistas de tenis municipais*”, cuxo orzamento ascende 147.682,08€, financiando o concello o importe restante de 51.085,00 € ata completar o orzamento cunha axuda da Rede Eléctrica de España, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	147.682,08	96.597,08	51.085,00 (Rede eléctrica de España)	0,00

O importe do seu orzamento que ascende a 147.682,08 € inclúe 139.716,00 € de execución de obra, 2.129,60€ de honorarios de redacción de proxecto, 4.025,16 € de honorarios de dirección de obra e 1.811,32 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

A subvención solicitada de 96.597,08 € financia 88.631,00 € de execución de obra, 2.129,60 € de honorarios de redacción de proxecto, 4.025,16 € de honorarios de dirección de obra e 1.811,32 € de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e usos do ben sobre os que se pretende actuar, así como os informes técnicos sobre as afeccións sectoriais, indicando que non son precisas autorizacións sectoriais para a súa execución.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/05/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF: P3600900I, unha subvención por importe de 96.597,08 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma pavimento deportivo, cerramentos e iluminación en las pistas de tenis municipais*” (Expte. 2024020386), cuxo orzamento ascende 147.682,08 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	147.682,08	96.597,08	51.085,00 (Rede eléctrica de España)	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Cañiza*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33975.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NAS RÚAS CRUCEIRO E SOR AURORA ESTÉVEZ” (Expte. 2024021512)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello.

En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020802, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Illa de Arousa na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 88.841,83 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da accesibilidade nas rúas Cruceiro e Sor Aurora Estévez*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 90.647,08€ da Liña 1 á Liña 2 e o importe íntegro (12.451,52 €) da Liña 4 á Liña 1.



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 14/06/2024 e 17/06/24, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/06/2024, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Illa de Arousa* a cantidade de 88.841,83 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da accesibilidade nas rías Cruceiro e Sor Aurora Estévez*” (Expte. 2024021512), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33976.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO E NOVO COLECTOR DE PLUVIAIS NA RÚA LAMEIRA” (Expte. 2024020347)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019739, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Moaña* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 257.637,92€, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación abastecemento e saneamento e novo colector de pluviais na Rúa Lameira*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe de 27.453,07 € da Liña 4 á Liña 1.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que o *Concello* deberá achegar coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 14/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña* CIF P3602900G a cantidade de 257.637,92 €, con destino ao financiamento do investimento “*Renovación abastecemento e saneamento e novo colector de pluviais na Rúa Lameira*” (Expte.2024020347), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33977.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO VIAL MUNICIPAL DENDE SAN LOURENZO A CARBALLIDO NO CONCELLO DE MOAÑA” (Expte. 2024020350)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019747, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Moaña na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 239.999,99 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do vial municipal dende San Lourenzo a Carballido no Concello de Moaña*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe de 27.453,07 € da Liña 4 á Liña 1.



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento as autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Zona Hidrográfica de Galicia Sur) que o Concello deberá achegar coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 14/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña* CIF P3602900G a cantidade de 239.999,99 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora do vial municipal dende San Lourenzo a Carballido no Concello de Moaña*” (Expte.2024020350), en base a un orzamento polo mesmo importe.



- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Zona Hidrográfica de Galicia Sur), sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33978.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO DA PISTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS” (Expte. 2024022451)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021818, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de *Salceda de Caselas* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 92.338,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes do Concello de Salceda de Caselas*”, cuxo orzamento ascende 92.338,60 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
92.338,60 €	92.338,60 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 4.235,00 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/06/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas* (CIF:P3604900E), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 92.338,60 € co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación do pavimento da pista do pavillón municipal de deportes do Concello de Salceda de Caselas*” (Expte. 2024022451), cuxo orzamento ascende 92.338,60 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
92.338,60€	92.338,60€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 4.235,00 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.33979.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE CUBERTA E REPARACIÓN ESTRUCTURAL CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL ÁLVAREZ DURÁN” (Expte.2024020964)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020537, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Tui* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 152.632,28€, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación de cuberta e reparación estrutural campo de fútbol municipal Álvarez Durán*”, cuxo orzamento ascende 152.632,28 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
152.632,28 €	152.632,28 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios por dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 13.310,00 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 19/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 152.632,28 € co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación de cuberta e reparación estrutural campo de fútbol municipal Álvarez Durán*” (Expte. 2024020964), cuxo orzamento ascende 152.632,28 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
152.632,28€	152.632,28€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios por dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 13.310,00 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.33980.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA DE EMERXENCIA “REPARACIÓN DE NOIRO NA E.P.1104 MOAÑA-COIRO, P.Q. 0+330 (CONCELLO DE MOAÑA)”, POLO PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN DO GASTO. (Expte. 2023070387)

Por Resolución Presidencial núm. 2023008727 en data 22 de novembro do 2023 na que resolveu adjudicar a empresa *Construcciones, Obras y Viales, SA* (NIF A36008886) o procedemento de emerxencia da obra “*Reparación de noiro na EP 1104 Moaña-Coiro, PQ 0+330 (Concello de Moaña)*”, por un importe de 60.000,00 €, IVE incluído, estimándose un prazo de execución de DOUS (2) MESES.

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023, deu conta da resolución citada no parágrafo anterior, declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra citada.

En data 22 de maio do 2024 a empresa adjudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia polo período comprendido entre o 22 de novembro do 2023 e o 22 de marzo do 2024, por importe de 68.912,73 €.

A directora da obra, en data 22 de maio do 2024, emite un informe-memoria explicativa da obra, considerando xustificada esta e informando favorablemente a súa tramitación e o pago da certificación emitida. Neste informe fai constar o seguinte:

“Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no terraplén e no firme da estrada ata que se comezasen os traballos de escavación.

Previo ao inicio dos traballos de desmonte procedeuse a sinalizar a zona afectada polo risco de derrube e a suxeición provisional do talude e da plataforma viaria para poder realizar as obras de escavación na cimentación e contención coa seguridade precisa mentres se mantiña o tráfico regulado por semáforos. Logo, procedeuse ó saneo e escavación localizada do talude así como o de toda a plataforma da estrada afectada.

Posteriormente executouse a reconstrución do muro de contención do tramo derribado, a adaptación do acceso existente á finca afectada, traballos de limpeza e acondicionamento da finca, reparación da drenaxe transversal para a correcta evacuación das pluviais (a fin de evitar novos incidentes) así como o a instalación de barreira de seguridade e o formigonado do tramo de beiravía afectado pola execución de ditas obras.



Para estas unidades de obra empregáronse os prezos unitarios que habitualmente se utilizan nesta Administración para este tipo de obras.

Todo elo valorado segundo os prezos usuais para este tipo de obras, ascende á cantidade de 47.859,39 € (P.E.M.), que unha vez incrementado no 13% de gastos xerais, no 6% de beneficio industrial e no 21% de IVE, supón un importe total de certificación de 68.912,73 €.

Á vista do anteriormente exposto, esta dirección facultativa considera xustificada a obra realizada e informa favorablemente a tramitación e o pago da presente certificación”.

Con data 24 de maio do 2024 recíbese a obra e esténdese acta de recepción favorable con observacións e solicítase a Intervención a fiscalización da certificación emitida.

En data 19 de xuño do 2024, pola Intervención infórmase a certificación coas seguintes observacións “O importe da presente certificación ascende a un total de 68.912,73 € (IVE incluído), o que supón un incremento respecto do importe total do gasto autorizado para este contrato de 8.912,73 €. Resultando un aumento dun 14,85455 %, sen que conste, ademais, informe técnico xustificativo do mesmo.

A certificación expídese con data 21 de maio de 2024 e comprende a obra executada no período comprendido entre o 22 de novembro de 2023 e o 22 de marzo de 2024, data da súa finalización. Debe terse en conta que segundo o disposto no artigo 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a expedición das certificacións debe realizarse mensualmente e nos primeiros dez (10) días seguintes ao mes que correspondan.

()As obras realizáronse fóra do prazo de dous (2) meses estimado para a súa execución. Non obstante, na acta de recepción a dirección facultativa da obra fai constar que “a demora foi motivada por factores climatolóxicos adversos que resultaban totalmente incompatibles con certas unidades de obra e con problemas na subministración de materiais, polo que as causas da demora nas obras non son imputables ao contratista”.*

Respecto da comprobación material do investimento, consta na acta de recepción a seguinte observación por parte do representante da Intervención: “Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento algún”.

A pesar da dificultade o imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia, xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse, como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado.

As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos.



CONCLUSIÓN

Polo exposto, tendo en conta os defectos sinalados, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno.”

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2022, concretamente na base 17.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único: Aprobar a certificación núm. 1 (única), autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita a continuación e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.		
(NIF A36008886)	24/456-4530-612.01.2023 24/456.4530.6120.01	68.912,73 €
	SUBTOTAL	68.912,73 €
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	1.914,38 €
Total descontos	Id.	1.914,38 €
	TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR	66.998,35€

10.33981.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “LEGER EN FAMILIA” (Expte.2024028041)

Resultando.- Que dende o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida, participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa, dándolle un especial apoio e protección.

Neste senso, a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, pon en marcha este novo programa que promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Resultando.- Que a execución do programa require de dotación de persoal especializado (animación sociocultural), planificación das saídas, etc., que xustifica a necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a súa xestión e desenvolvemento, por carecer esta institución dos medios materiais e humanos requiridos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 15/05/2024 e CSV: 8U9KYOHBUEHFX5C79, a xefa do servizo de Benestar Social, emite informe no que, co visto e prace da deputada, propón a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia”, caracterizándose por ofrecer estadias de fins de semana en establecementos hoteleiros da provincia de Pontevedra, con aloxamento dunha noite en réxime de media pensión, para un máximo de 2.350 prazas, destinado ás persoas que cumpran os requisitos especificados na cláusula 1.1 do prego técnico. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación (CSV: IF7DXNG2DJAVD90K).

Resultando.- Que visto que con data 16/05/2024, a Intervención emite o documento RC nº 202400093735, por importe de 179.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 22/05/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 31/05/2024, e as observacións contidas no mesmo (CSV: WBRBLEG480SLTKLI).

Resultando.- Que visto que con data 03/06/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención de data 18/06/2024 (CSV: X2V9X01YE0XYESFZ).

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 24/06/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 LCSP, regulador dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía.

O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa "*Lecer en familia*", que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 03/05/2024. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que segundo o disposto no artigo 312 da LCSP, onde se regulan as especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía, que determina, entre outros aspectos, a necesidade de establecer o réxime xurídico regulador do servizo.

Considerando.- Que o contrato referenciado atópase suxeito a regulación harmonizada, por superar o umbral no seu valor estimado para os contratos de servizos contemplado no artigo 22 da LCSP, resultando de aplicación as especialidades contempladas nesta lei relativas a súa publicidade e elección do procedemento.

Considerando.- Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante.



Completado o expediente de contratación, dítarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en Familia 2024*”, cun orzamento máximo de licitación unitario de 127,57 €/praza.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 299.789,50 € para un máximo de 2.350 prazas.

O orzamento base de licitación que financia a Deputación Provincial é de 178.878,50 €

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.300 prazas de réxime xeral con 75 €, o que resulta un total de 172.500,00€.
- E 50 prazas, de réxime especial, as subvencionará polo 100% do custe total, o que resulta un total de 6.378,50€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adxudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

O prazo de duración irá dende a data de formalización do contrato ata o primeiro trimestre de 2025, estimándose o inicio da execución do programa nos meses de tempada baixa, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e adxudicadas as prazas. Asemade, contémpase a posibilidade dunha prórroga dun ano.

O valor estimado é de 719.494,80 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: BF549AB3A0GVAPWW) e de prescricións técnicas (CSV: IF7DXNG2DJAVD90K) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 178.878,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a *Sandra Vázquez Vázquez*, xefa do servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

11.33982.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO NÚMERO 29 DO LOTE NÚMERO 1 DO ACORDO MARCO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR, EN RÉXIME DE ALUGUER, PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.(Expte.2017003404). (Devogarán 2024023478)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 7 de xullo de 2017 (Núm. Rex.-2017013965, de data 18/07/2017), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 2 do Acordo Marco convocado para a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2017003404).

Este Acordo Marco estivo composto por uns Contratos Baseados para os que as empresas adxudicatarias, dentro das que se encontraba *Transportes La Unión, S.A.* (A-36001576), entre o que se encontrou o seguinte:

- Por Resolución Presidencial núm. RP2021000004, de data 05/01/2024 (CSV.- 0N2EIXZEX04C7OSA), adxudicouse o Contrato Baseado (29) do Lote 1 deste Acordo Marco correspondente á “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”.

Para responder da realización deste Contrato Baseado a entidade mercantil *Transportes La Unión, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de dito CB (IVE excluído), que é a seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A. (A-36001576)	793,01€	202200061697	26/03/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Centro Príncipe Felipe (CSV.- NMQ70DW3HF51IIMQ), no cal sinala que cabe informar que a empresa *Transportes La Unión, S.A.* (NIF: A-36001576), adxudicataria do o Contrato Baseado (29) do Lote nº1 “Autobús (40 prazas)” (...), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, realizando a totalidade da prestación, executándose o contrato a satisfacción da Administración, e non existindo obrigas pendentes de cumprimento, polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Baseado (29) do lote 1 do Acordo Marco correspondente á “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017003404), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída “*en metálico*” pola empresa *Transportes La Unión, S.A. (A-36001576)*, para responder de dito contrato, por importe de 793,01€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 26/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100061697.

12.33983.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024044277 e 2024044152)

a) Vista a relación de facturas con número 2024044277, que contén 9 facturas e por un importe de 8.310,54€ e con CSV: RQXPNLQGW4ZRDKXO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/06/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	8.310,54€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	8.310,54€



b) Vista a relación de facturas con número 2024044152, que contén unha factura e por un importe de 5,53€, e con CSV: TSS3YFF9E90XLJC0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/06/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	5,53 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	5,53 €

13.33984.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 02/12/2022 (Nº 23.32358), EN RELACIÓN Á “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AO CONCELLO DO PORRIÑO PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA”. (Expte.2022045442)

Visto o informe xurídico-proposta de resolución da Xefa do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, co seguinte teor literal:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elaborase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- Por Acordo 23.32358 a Xunta de Goberno na súa sesión de data 2 de decembro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Porriño unha subvención de 14.940,00 € destinada á redacción do proxecto de “Humanización rúa Antonio Palacios. Tramo rúa Cruceiro-colexio”. Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 24/456.9420.762.10.2021 e 24/456.9420.762.10.2022

Terceiro.- En data 27 de setembro de 2023 o Concello de Porriño remite instancia xenérica solicitando a modificación da resolución de concesión, ao abeiro da base reguladora décimo oitava da subvención. Máis concretamente o Concello de Porriño solicita acollerse ao caso 2, e polo tanto a uns criterios de xustificación diferentes respecto dos do caso 1.



Cuarto.- En data 29 de setembro de 2023 os servizos técnicos de Infraestruturas e Mobilidade da Deputación de Pontevedra procederon a analizar e informar a memoria de solicitude, empregando a tal fin a nova memoria que entregou o Concello xunto coa resolución de alcaldía, actualizada para xustificar os parámetros do caso 2.

Así, conforme ao previsto no punto 2 da base reguladora décimo primeira emitiuse, o 28 de setembro de 2023 emitiuse informe polo arquitecto dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais Martín Barreiro Cruz (CSV: S666H5IZ1JRN22O0) no que se indica textualmente:

“Unha vez estudada a documentación, e en base a todo o exposto, CONCLÚESE:

1. Validar os aspectos técnicos, da memoria do proxecto “Humanización rúa Antonio Palacios. Tramo rúa Cruceiro-colexio” respecto do caso 2.”

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIONES:

- Vistos os antecedentes expostos e previo trámite da intervención,

Infórmase favorablemente a solicitude de cambio de caso realizada polo Concello de Porriño, e que se modifique a táboa da resolución do seguinte xeito:

- Onde antes dicía:

NOME	TÍTULO	CASO	comprob. formal			validación técnica				CASO 1			3.1	CASO 2			3.2
			acordo (anexo III)	certificación (anexo IV)	estimación custo	título	res.+obx.	ámbito	plano-bosq.	sup.-ACT.	sup.-PREV.	compromiso	2,5m	sup.-peón.	lonx>100	ancho>2,5	50%
PORRIÑO	Humanización Rúa Antonio Palacios. Tramo Rúa Cruceiro-Colexio	1	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI					

- Agora deberá dicir:

NOME	TÍTULO	CASO	comprob. formal			validación técnica				CASO 1			3.1	CASO 2			3.2
			acordo (anexo III)	certificación (anexo IV)	estimación custo	título	res.+obx.	ámbito	plano-bosq.	sup.-ACT.	sup.-PREV.	compromiso	2,5m	sup.-peón.	lonx>100	ancho>2,5	50%
PORRIÑO	Humanización Rúa Antonio Palacios. Tramo Rúa Cruceiro-Colexio	2	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI					SI	SI	SI	



Esta modificación non supón variación algunha no importe total da subvención concedida ao Concello ao abeiro da concesión de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables.

Asemade, respéctanse os criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non produce prexuízo nos dereitos de terceiros.”

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 23.32358.. do día 2 de decembro de 2022 sobre a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, no referente á axuda concedida ao Concello do Porriño CIF P3603900F de acordo co seguinte detalle

- Onde antes dicía:

NOME	TÍTULO	CASO	comprob. formal			validación técnica				CASO 1			3.1	CASO 2			3.2
			acordo (anexo III)	certificación (anexo IV)	estimación custo	título	res+obx.	ámbito	plano-bosq.	sup.ACT.	sup.PREV.	compromiso	2,5m	sup.peón.	lonx>100	ancho>2,5	50%
PORRIÑO	<i>Humanización Rúa Antonio Palacios. Tramo Rúa Cruceiro-Colexio</i>	1	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI					

- Agora deberá dicir:

NOME	TÍTULO	CASO	comprob. formal			validación técnica				CASO 1			3.1	CASO 2			3.2
			acordo (anexo III)	certificación (anexo IV)	estimación custo	título	res+obx.	ámbito	plano-bosq.	sup.ACT.	sup.PREV.	compromiso	2,5m	sup.peón.	lonx>100	ancho>2,5	50%
PORRIÑO	<i>Humanización Rúa Antonio Palacios. Tramo Rúa Cruceiro-Colexio</i>	2	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI					SI	SI	SI	

Segundo.- Darlle traslado do acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención Provincial e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



14.33985.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/03/2023 (Nº4.32467), EN RELACIÓN Á “CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DO TORNO (GALISTEO), PARROQUIA DE MAÑUFE” POR SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CON MINORACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA. (Expte.20230080203)

Consta no expediente núm. 2023008203, o informe da xefa de servizo de cooperación, de data 20/06/2024, que literalmente di como segue:

ANTECEDENTES:

En data 24/03/2023, mediante acordo da xunta de goberno núm. 4.32467, concedeuse ao Concello de Gondomar, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 74.255,45 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento do camiño de Torno (Galisteo), parroquia de Mañufe” (expte.2023008203), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 06/06/2024, consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024038041, dunha instancia xenérica do Concello de Gondomar que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido. A documentación achegada foi completada en datas posteriores.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de emendar unha serie de incidencias postas de manifesto no informe do técnico municipal de data 7/12/2022.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente pero minora o orzamento de execución por contrata (IVE Engadido), que pasa a importar 64.314,88 € no lugar dos 74.255,45 € establecidos inicialmente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. *A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.*



CONCLUSIÓNS

A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.

Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento do camiño do Torno (Galisteo), parroquia de Mañufe” (Ref. 2023008203) tívoise en conta un proxecto, por importe 74.255,45 euros, redactado pola enxeñeira de minas, Sandra Lameiro Fernández, que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e a adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023, anualidade 2023.

Antes de iniciar a licitación do investimento, xorde a necesidade de corrixir o proxecto aos efectos de emendar unha serie de incidencias postas de manifesto no informe do técnico municipal de data 07/12/2024.

Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non modifica o ámbito de actuación da obra, que segue a ser o mesmo, nin prexudica dereitos de terceiros.

Visto que o cambio de documento técnico supón a minoración do orzamento de execución por contrata e da subvención concedida en 9.940,57 € e o Concello propón, formalmente, que dito importe se poida aplicar no financiamento da obra “Execución dun tramo da rede de saneamento na pista Piñeiro-Peroleira” (2024014934).

Visto que o persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación emitiu, en data 11/06/2024, informe favorable de supervisión e control do proxecto descritivo das actuacións a levar a cabo.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do concello de Gondomar, CIF:P 3602100D, a fin de que:

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico que rexerá a execución do investimento “Acondicionamento do camiño do Torno (Galisteo), parroquia de Mañufe” (Ref. 2023008203) O novo documento, que técnico substitúe ao presentado en data 1/02/2023 por rexistro WEB2023005493, minora a subvención concedida en 9.940,57 euros, pasando a importar 64.314,88 euros.*

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á xunta de goberno, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado e visto informe da Intervención provincial, de data 21/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo de concesión da xunta de goberno núm. 4.32467, de 24/03/2024, polo que se concedía unha subvención ao *Concello de Gondomar*, CIF.: P36002100D, co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento do camiño de Torno (Galisteo), Parroquia De Mañufe*” (2023008203), por substitución do proxecto técnico que ha de rexer a execución do investimento con minoración da subvención concedida, a cal pasa a importar 64.314,88 € no lugar dos 74.255,45 € inicialmente previstos.
- Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 2024/942.9425.762.45.2023 crédito por importe de 9.940,57 € con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer ao concello.
- Lembrar que a licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións e que a obra deberá estar executada a 31/12/2024 e xustificada a 31/03/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.33986.- SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DA MÚSICA” DO CONCELLO DE BUEU”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023. (Expte.2023006296)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.

En data 10/03/2023, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 42.32420, concedeuse ao *Concello de Bueu*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 237.828,13 €, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de urbanización da contorna da casa da música*” (Expte.2023006296), cun orzamento polo mesmo importe.



A concesión da subvención quedou condicionada as autorizacións sectoriais da Deputación e do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, así como a presentación do acordo de aprobación do proxecto.

En data 08/05/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024029838, instancia do Concello de Bueu na que solicita o cambio de proxecto para levar a cabo o investimento mencionado ut supra, co fin de dar cumprimento os requisitos impostos do Servizo de Patrimonio Cultural para obter a autorización sectorial pertinente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deben presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da intervención provincial de data 19/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico do investimento “*Proxecto de urbanización da contorna da casa da música*” (Expte.:2023006296), incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023.

O cambio do documento técnico, que ven motivado na obriga de cumprir cos condicionamentos impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non varia a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin modifica o importe do orzamento.

- Manter inalterable o resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 42.32420 do 10/03/2023.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Bueu*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.33987.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE INSTALACIÓNS, PAVIMENTOS E ELEMENTOS CONSTRUTIVOS DO CEMITERIO DE RUBIÁNS”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023-CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. (Expte.2022011604)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 12.32012, do 29/07/2022, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 238.384,84 € ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns*” (Expte.2022011604), en base a un orzamento que ascendía a 266.200,00 euros, debendo achegar a entidade municipal 27.815,16 €.

En data 24/02/2023, a Xunta de Goberno mediante acordo núm. 23.32330, aproba a concesión dunha subvención, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, por importe de 27.815,16 euros, pasando o investimento de referencia a ter carácter bienal.

A obra “*Reforma de instalación, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio Rubiáns*” (Expte. 2022011604) foi adjudicada no prezo (IVE incluído) de 250.228,00 €, o que supón unha baixa na adjudicación de 15.972,00€.

En data 05/06/2024, mediante rexistro WEB2024037399, ten entrada na sede electrónica da Deputación, unha solicitude do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, dada a necesidade de corrixir erros de cálculo e outras circunstancias que non se contemplaron no proxecto orixinal. A entidade municipal aporta o proxecto modificado da obra “*Reforma de instalación, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio Rubiáns*” (Expte. 2022011604) e solicita a conformidade da Deputación a esta modificación.

Revisado o proxecto modificado do investimento “*Reforma de instalación, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio Rubiáns*” (Expte.2022011604), compróbase que este non altera a finalidade da subvención, non afecta a calidade do proxectado nin supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/06/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 13/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 24/06/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado da obra “*Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns*” (Expte. 202011604), aos efectos de que o investimento incluído no Plan Concellos 2022-2023, poida ser executado nos termos establecidos polo *Concello*. O proxecto modificado non supón variación económica respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe do contrato de obra adxudicado e a subvención outorgada pola Deputación.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.33988.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS DE MOS” (Expte. 2024020885)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 30/03/2024, mediante rexistro WEB2024020170, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Mos na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 445.352,05€, co obxecto do financiamento do investimento “Proxecto de mellora da pavimentación de camiños de Mos”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras e unha vez presentados os diferentes proxectos e investimentos con rexistro WEB2024028675 de data 02/05/2024 comunica o traspaso de fondos entre liñas.



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 24/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial que figura no expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos* a cantidade de 445.352,05 €, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de mellora da pavimentación de camiños de Mos*” (Expte. 2024020885), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.33989.- ADHESIÓN AO MANIFESTO CONXUNTO DA XUNTA DE GALICIA E DA COMISIÓN DE COORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO REXIONAL DO NORTE DE PORTUGAL (IP): CONEXIÓN GALICIA-PORTUGAL DE ALTA VELOCIDADE: UNHA PRIORIDADE EVIDENTE.
(Expte.2024045445)

Dada conta do Manifesto conxunto da Xunta de Galicia e da Comisión de coordinación e desenvolvemento rexional do norte de Portugal (IP): Conexión Galicia-Portugal de alta velocidade: unha prioridade evidente.

Considerando que o Presidente dirixe o goberno e a administración da provincia (arts. 34.1,a) da Lei 7/85, de 2 de abril e 61.2 do RD 2568/86, de 28 de novembro).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade adherirse o citado *Manifesto conxunto da Xunta de Galicia e da Comisión de coordinación e desenvolvemento rexional do norte de Portugal (IP)* e cuxo texto é o seguinte:

“Dende a Xunta de Galicia e a CCDR-NORTE (IP), no marco da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, queremos manifestar unha clara defensa do impulso da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto-Lisboa como unha infraestrutura prioritaria e estratéxica en virtude dos principios de vertebración territorial e do desenvolvemento social e económico de España e de Portugal. En consecuencia

MANIFESTAMOS

– I –

O noso apoio á conexión ferroviaria da alta velocidade entre Galicia e Lisboa, tal e como fora aprobada nos Cumios Ibéricos, polos seguintes motivos:

1.- De acordo coa experiencia e cos estudos existentes na materia, o desenvolvemento armónico dos territorios, cun trato igualitario e unha actitude solidaria, ofrece as mellores perspectivas, as máis sólidas e as máis duradeiras para unha evolución da que se beneficien todas as partes. A riqueza compartida xera oportunidades e favorece sinerxías de benestar a través da implicación colectiva. No que atinxe ás redes de comunicación, resulta especialmente relevante esta perspectiva, dado que significa o aproveitamento completo dos territorios e dos seus capitais humanos.



2.- No caso concreto da conexión á que nos referimos, os estudos realizados ofrecen un resultado incuestionable: o potencial de uso e de rendibilidade da liña Galicia-Portugal presenta uns datos incontestables que xunto cos estreitos vencellos culturais existentes, constitúen un capital valiosísimo para lograr avances significativos na construción de proxectos baseados na intercomunicabilidade.

3.- Debido ao exposto, e xa desde hai máis de dez anos tanto os representantes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como despois os sucesivos Cumios Ibéricos —xuntanzas anuais de máximo nivel goberamental entre os gobernos español e portugués— recoñeceron a prioridade da nosa conexión, cos argumentos que aquí se citan, e que se reiteran en cada edición do encontro internacional. Isto fai que as razóns evidentes e os compromisos políticos adquiridos lle dean unha especial forza á nosa reivindicación.

Así por exemplo, no último Cumio Ibérico, que tivo lugar en Lanzarote, en marzo de 2023, os dous gobernos comprometéranse a “impulsar as actuacións de nova infraestrutura... en especial o Corredor Atlántico”. E antes, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal tiña reclamado á Comisión Luso Española de Cooperación Transfronteiriza, onde están as Comunidades Autónomas e Rexións da fronteira xunto cos gobernos español e portugués, que “para a Xunta de Galicia e a CCDR-N, a conexión en alta velocidade entre Vigo, Porto e Lisboa constitúe unha actuación prioritaria”.

Este mesmo compromiso foi renovado polo goberno portugués e o galego, o 23 de maio de 2024 en Lisboa, na reunión celebrada entre o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o Ministro de Infraestruturas e Habitaçao de Portugal, Miguel Pinto Luz, na que tamén participou o presidente da CCDR-N, IP António M. Cunha. Neste encontro quedou fixado o ano 2032 como data de posta en servizo desta infraestrutura estratéxica.

– II –

Tamén poñemos de manifesto a necesidade de que estas conexións ferroviarias, se acompañen das necesarias disposicións dun orzamento e un calendario realista para acometelas dentro dos prazos inicialmente comprometidos. Reclamamos, así, o desenvolvemento dunha programación completa de actuacións, investimentos e fitos para o desenvolvemento da conexión Vigo-Porto, coa prioridade da Saída Sur de Vigo. Igualmente, demandamos o impulso do traballo intergubernamental para a definición da nova conexión internacional sobre o río Miño ao abeiro dos programa de financiamento europeo para as actuacións pertencentes á rede TEN-T.

– III –

Ademais disto, lembramos que a actual conexión, o denominado Tren Celta, entre Porto e Vigo, rolda as dúas horas e media na duración do traxecto, conta con material moi obsoleto e ofrece unhas condicións de servizo que cómpre actualizar con urxencia mentres a conexión do Eixe Atlántico non se materialice para facer posible unha viaxe nun tempo máximo dunha hora.

– IV –

Finalmente, deixamos constancia de que outras conexións poden ter tamén a súa razón de ser, pero soamente se se afrontan cunha visión ampla, integradora e de pulo estruturado e coordinado para acadarmos os mellores resultados, e respectando as prioridades que ata agora teñen sido manifestadas.”



19.33990.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

20.33991.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

21.33992.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

